

NORMAS XERAIS:

Artigo 1.-

O Clube Deportivo Náutico de Miño (en adiante Clube) é unha entidade privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, sen ánimo de lucro e integrado por persoas físicas. O domicilio social do Clube é en Miño, e ten como actividade principal o fomento e a práctica dos deportes náuticos, así como a participación en actividades e competicións neste tipo de deportes.

Artigo 2.-

O Clube Deportivo Náutico de Miño, practicará como principais modalidades deportivas o piragüismo, a vela, o windsurf e a motonáutica. As diferentes modalidades deportivas que se practiquen no Clube, poderán organizarse en seccións se a directiva o considera oportuno e estarán adscritas ás correspondentes federacións deportivas, sen prexuízo de que poida practicar calquera outra modalidade deportiva se a Asemblea Xeral así o decide.

O Clube Deportivo Náutico de Miño solicitará a ratificación dos seus estatutos e a inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de conformidade coa Lei do Deporte de Galicia.

Artigo 3.-

O Clube Deportivo Náutico de Miño, ten o seu domicilio social en:

Rúa Porto s/n
15630 Miño, A Coruña
Telf: 981784026 email: cdnmino@gmail.com

O Presidente, cando as circunstancias o aconsellen, poderá acordar o cambio de domicilio social dentro da mesma localidade. Para o traslado a outra localidade de Galicia, será necesario o acordo maioritario da Asemblea Xeral.

En ámbolos dous casos, o traslado de domicilio social non implicará modificación estatutaria, e terá que ser notificado aos socios e ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

CLASES DE SOCIOS. ADMISIÓN. DEREITOS E OBRIGAS

Artigo 4.-

O número de socios será ilimitado. A Asemblea Xeral poderá suspender, non obstante, a admisión de novos socios cando así o existan razóns de aforo ou capacidade física das instalacións. Os socios poderán ser: de número, honorarios e familiares.

Artigo 5.-

Son socios de número todas as persoas maiores de idade, que satisfagan a cota social establecida pola Asemblea Xeral.

Serán socios honorarios aquelas persoas ás que a Asemblea Xeral confira esta distinción e terán un posto preferente nos actos oficiais do Clube.

Son socios familiares todas aquelas persoas que dependan economicamente dun socio de número e convivan con el no mesmo domicilio.

Os menores de 18 anos clasificaranse como socios aspirantes, tendo dereito ao uso das instalacións do Clube mediante a cota que se fixe e pasaran automaticamente a ser socios de número cando cumpran a maioría de idade.

Artigo 6.-

Os socios de número terán os seguintes dereitos:

- Contribuír ao cumprimento dos fins específicos do Clube.
- Esixir que o Clube se axuste ao disposto na normativa autonómica deportiva e ao establecido no presente estatuto.
- Separarse libremente do Clube.
- Coñecer as actividades do Clube e examinar a súa documentación, previa petición razoada ao seu Presidente.
- Expoñer libremente a súas opinións no seo do Clube.
- Ser elector e elixible para os órganos de goberno do Clube, sempre que teña plena capacidade de obrar.

Son obrigas dos socios de número:

- Aboar as cotas que esixa a Asemblea Xeral
- Contribuír ao sostemento e difusión do deportes practicados no Clube.
- Acatar as disposicións que dite a Asemblea Xeral, a Xunta directiva ou o se Presidente, para o bo goberno da sociedade.

Os socios familiares terán dereito a disfrutar daqueles servizos e instalacións que se determine, previo pago da cota fixada.

Os socios aspirantes terán dereito ao disfrute dos servizos e das instalacións do Clube

Artigo 7.-

Para ser admitido como socio en calquera das modalidades, será necesario:

- Ter a idade sinalada.
- Solicitalo por escrito ao Presidente.
- Satisfacer a cota de entrada correspondente.
- Non ter perdido o dereito a ser socio do Clube con anterioridade por falta de pago ou sanción.

Artigo 8.-

A condición de socio perderase:

- Por vontade propia.
- Por falta de pago das cotas sociais durante tres meses consecutivos, no caso de que a facturación se faga mensualmente, ou aos seis meses da data de facturación no caso de que esta sexa anual, previo requirimento de pago, e consecuente resolución do Presidente.
- Por acordo do Presidente no seu caso, fundado en faltas de carácter moi grave previstas no Regulamento Disciplinario do Clube, previa audiencia do interesado, que deberá ser ratificado na primeira Asemblea Xeral que se celebre.
- Por calquera outra causa establecida na lexislación vixente.

ORGANOS DE REPRESENTACIÓN E GOBERNO

Artigo 9.-

Son órganos de representación e goberno do Clube: a Asemblea Xeral e o Presidente.

Artigo 10.-

O Presidente é Órgano executivo do Clube, posúe a representación legal, convoca e preside os órganos de goberno, executando os acordos destes.

O cargo de Presidente é a título gratuito e carente de interese nos resultados económicos da explotación, por si mesmo ou a través de persoa interposta.

Será elixido mediante sufraxio libre, directo e secreto por e entre os membros da Asemblea Xeral, cada 4 anos.

Artigo 11.-

O presidente cesará por:

- Transcorrer o prazo polo que foi elixido.
- Dimisión.
- Falecemento ou incapacidade física ou psíquica para continuar co exercicio do seu cargo.
- Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea Xeral.
- Inhabilitación por sentenza xudicial firme ou sanción deportiva.

Artigo 12.-

Como órgano complementario dos de goberno e representación haberá unha Xunta Directiva que actuará como órgano colexiado de xestión do Clube, e exercerá as funcións que este estatuto lle confire.

Os membros da Xunta Directiva serán designados e revocados libremente polo Presidente, debendo dar conta diso na primeira Asemblea Xeral que se celebre. Da mesma formará parte como mínimo un secretario, un tesoureiro e un

vocal. Todos os cargos serán gratuítos e carecen de interese nos resultados económicos do Clube por si mesmos ou or persoa interposta.

Artigo 13.-

A Xunta Directiva quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a concorrencia, polo menos, de tres dos seus membros, e, en todo caso do Presidente.

A Xunta Directiva convocarase polo Presidente con dous días de antelación, como mínimo, á data de celebración.

A Xunta Directiva quedará tamén validamente constituída, cando estean presentes todos os seus membros, aínda que non mediara convocatoria previa.

Corresponde á Xunta Directiva:

- Dirixir a xestión do Clube, velando polo cumprimento do seu obxecto social.
- Formular o inventario, memoria e presuposto anual, que se someterá á aprobación da Asemblea Xeral.
- Aplicar todas as medidas deportivas, económicas e administrativas precisas para o fomento e desenvolvemento do deporte dentro do Clube.
- Os membros da Xunta Directiva poderán representar os intereses do Clube cando o Presidente o considere oportuno.

Artigo 14.-

O Secretario da Xunta Directiva coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa do Clube e levará o Libro de rexistro de socios e o Libro de actas.

Artigo 15.-

O tesoureiro da Xunta Directiva será o depositario do Clube, asinará os recibos, autorizará pagos e levará os Libros contables.

Será obriga do tesoureiro formalizar, durante o primeiro mes de cada ano, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se porán en coñecemento de todos os socios na Asemblea Xeral.

Artigo 16.-

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno do Clube e estará integrada por todos os seus socios de número.

As Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos socios. En segunda convocatoria media hora máis tarde, quedará validamente constituída calquera que sexa o número de membros presentes. Entre a data de convocatoria e o día sinalado para a súa celebración terán que mediar como mínimo 10 días naturais e menos de 20.

Nas Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias solo terán dereito a voto os socios que estean ao corrente de pago das súas cotas e outras obrigacións co Clube.

Artigo 17.-

A Asemblea Xeral terá que ser convocada polo Presidente a iniciativa propia ou do 25%, ao menos, dos socios de número.

A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario, previa convocatoria do Presidente, ao menos unha vez ao ano ao máis tardar no mes de febreiro para tratar as seguintes cuestións:

- Memoria, liquidación do presuposto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación se procede.
- Presuposto para o seguinte exercicio.
- Proxecto e propostas do Presidente ou da Xunta Directiva.

As proposicións que formulen os socios terán que ir asinadas ao menos polo 5% deles.

Terá que celebrarse Asemblea Xeral Extraordinaria para a modificación de estatutos, elección do Presidente, toma de cartos a préstamo, emisión de

títulos representativos de débeda ou parte alicuota patrimonial, enaxenación de bens inmobles, expulsión e perda de condición de socio a proposta do Presidente e fixación de cotas dos socios, e calquera outro acordo que o Presidente considere oportuno ou proceda legalmente.

Artigo 18.-

Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple dos socios presentes, requiríndose unha maioría cualificada e un quórum determinado só naqueles asuntos que se fixen nestes estatutos. Serán vinculantes e de obrigado cumprimento e terán forza executiva a partir da data da súa adopción sen prexuízo da súa impugnación diante da Federación Galega do deporte que se trate, do Comité Galego de Xustiza Deportiva ou de calquera organismo competente.

REXIME DOCUMENTAL

Artigo 19.-

O réxime documental do Clube constará dos seguintes libros: Libro de Socios, Libros de Actas e Libros Contables.

Artigo 20.-

No Libro Rexistro de Socios, terán que constar os nomes e apelidos dos socios de número, o seu DNI, e no seu caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerza no Clube. Tamén constarán as datas de alta e baixa e as de toma de posesión e cese nos citados cargos.

Artigo 21.-

No Libro de Actas, consignaranse as reunións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asuntos tratados e acordos adoptados. As Actas terán que estar asinadas polo Presidente e Secretario.

Artigo 22.-

Nos libros de contabilidade figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigas, e ingresos e gastos do Clube, debéndose precisar a procedencia de todos os ingresos e o destino de todos os gastos.

REXIME DISCIPLINARIO

Artigo 23.-

A Asemblea Xeral aprobará un Regulamento Disciplinario ao que estarán sometidos os Órganos e socios do Clube ademais de estar sometidos ao disposto no Título VII da Lei 3/2012, do Deporte en Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 24.-

Así mesmo o presidente e os membros da Xunta directiva responderán fronte aos socios, ao Clube ou a terceiros dos prexuízos que ocasionaren por culpa ou negligencia grave, de conformidade co Regulamento Disciplinario do Clube e o ordenamento Xurídico vixente.

REXIME ECONÓMICO-FINANCIERO E PATRIMONIAL

Artigo 25.-

O patrimonio do Clube estará formado por:

- a. As aportacións económicas dos socios, que aprrobe a Asemblea Xeral.
- b. As doazóns e subvencións que reciba.
- c. Os resultados económicos que poidan producir as manifestacións deportivas que organice o Clube.
- d. As rendas, froitos e intereses do seu patrimonio ou concesión administrativa.

Queda expresamente excluído como fin do Clube o ánimo de lucro e a totalidade dos seus ingresos e beneficios aplicaranse ao cumprimento dos seus fins sociais.

Artigo 26.-

O Clube poderá gravar e allear bens, mobles e inmobles, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alicuota patrimonial, sempre que cumpra os seguintes requisitos:

Que se autoricen tales operacións por maioría de dous terzos dos socios presentes ou representados na Asemblea Xeral Extraordinaria.

Que ditos actos non comprometan de modo irreversible o patrimonio do Clube ou o seu obxecto social. Para a adecuada xustificación deste extremo poderase esixir sempre que o soliciten como mínimo un 5% dos socios de número, un ditame económico-actuarial.

Cando se trate de gravar ou allear bens, mobles e inmobles que foran financiados en todo ou en parte con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia será perceptiva a autorización previa do órgano competente da Xunta de Galicia.

Artigo 27.-

O Clube poderá emitir títulos de débeda ou parte alicuota patrimonial que serán nominativos.

Os títulos inscribíranse nun libro que levará a efecto o Clube, no que se anotarán as sucesivas transferencias. En todos os títulos constará o valor nominal, a data de emisión, e, no seu caso, o interese e prazo de amortización.

Artigo 28.-

Os títulos de débeda só se poderán subscribir polos asociados, e a súa posesión non conferirá dereito algún especial aos socios, agás a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente.

Artigo 29.-

Os títulos da parte alicuota patrimonial han de ser asemade, subscritos por socios do Clube. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

Artigo 30.-

Os títulos de débeda a parte alicuota patrimonial serán transferidos unicamente entre os que teñan a condición socios.

REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DO CLUBE

Artigo 31.-

Os presentes Estatutos só se poderán modificar, reformar ou derogar, por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto, mediante votación favorable de dous terzos dos socios de número asistentes.

A reforma destes estatutos seguirá, con respecto ao Rexistro de Entidades Deportivas De Galicia, os mesmos tramites administrativos que para a súa inscrición.

Artigo 32.-

O Clube extinguirase ou disolverase por acordo de:

- a. Dous terzos dos socios asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ao efecto.
- b. Por sentenza xudicial.
- c. Por outras causas legalmente determinadas. En todo caso haberá de ser notificado ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Artigo 33.-

Disolto o Clube, o remanente do seu patrimonio social, se houbera, aplicarase a fins análogos de carácter deportivo, ben por acordo previo da Asemblea Xeral ou subsidiariamente polo órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia.



CLUBE DEPORTIVO NÁUTICO DE MIÑO

ESTATUTOS

Rúa porto sn

15630, Miño, A Coruña

cdnmino@gmail.com

www.cdnmino.org